

Resolución do 13 de marzo de 2017 pola que se lle da publicidade a celebración da sesión constitutiva do Consello Reitor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

En virtude da autorización contida no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, créase a través do Decreto 118/2016, de 4 de agosto, o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e apróbanse os seus estatutos.

O artigo 8 do Decreto 118/2016 establece como órgano de goberno do Instituto Galego do Consumo e da Competencia o Consello Reitor.

A Disposición adicional terceira do Decreto 118/2016 indica que o inicio da actividade do Instituto Galego do Consumo e da Competencia producirase coa celebración da sesión constitutiva do seu Consello Reitor.

Na súa virtude, e previa convocatoria polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o Consello Reitor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia celebrou a súa sesión constitutiva o día 13 de marzo de 2017, polo que esta consellería

RESOLVE:

Ordenar a publicación no Diario Oficial de Galicia que con data 13 de marzo de 2017 tivo lugar a sesión constitutiva do Consello Reitor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Santiago de Compostela, 13 de marzo do 2017

Borja Vereas Fraiz
Secretario Xeral Técnico